

A Xunta exclúe os escritores e escritoras galegas das comisións do 'pacto polo galego'

A AELG, entidade que representa as e os escritores galegos, denuncia o "veto" e critica a "posición inflexíbel" da Consellaría de Cultura e Lingua.



Redacción 19/feb./25

Desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), entidade profesional que aglutina e representa as escritoras e os escritores galegos, manifestaron esta cuarta feira a través dun comunicado a súa "perplexidade" ante "o veto á nosa entidade a formar parte das comisións para a "revisión" do Plan xeral de normalización da lingua galega".

Este veto, sinala, "é unha falta de respecto ao traballo dos e das escritoras galegas no labor de construtores, divulgadores e dignificadores do idioma e da súa capacidade para crear falantes, pois a lectura é unha das ferramentas normalizadoras que ten demostrada historicamente a súa eficacia, para alén das actividades de fomento da lectura que son en esencia actividades normalizadoras".

A exclusión da AELG das conversas e dos grupos de traballo postos en marcha o pasado día 12 na Cidade da Cultura, evidencia para esta asociación "que desde o partido que ostenta o Goberno da Xunta da Galiza" non hai vontade de contar cunha participación ampla e plural de colectivos representativos do conxunto da sociedade galega, "unha medida imprescindible para o éxito de calquera proposta normalizadora".

Falta de vontade que tamén demostra o inicio das conversas marcando posicións inflexíbeis, prosegue a AELG, poñendo como exemplos disto "a negativa a derrogar o Decreto 79/2010, amplamente cuestionado desde os seus inicios, advertido polo Comité de Expertos de Europa e causa incuestionábel do descenso no número de falantes, do incremento dos prexuízos contra a lingua e mesmo do incumprimento da propia Lei de Normalización Lingüística, toda vez que se constata a incapacidade dunha parte da mocidade para se expresar con algunha fluidez na nosa lingua".

A mesma falta de vontade di a AELG que se demostra nos pasos legislativos dados desde entón reducindo a presenza e a esixencia "de coñecemento da nosa lingua na CRTVG ou na Administración".

A AELG reclama un proceso transparente, coa participación de todas as entidades sociais, cun guiión claro en que se asuman compromisos para o incremento e a diversificación dos recursos, a aplicación das medidas debidamente planificadas e a súa avaliación.

“Con esta reivindicación estaremos este domingo en Compostela sumándonos á manifestación á que nos convoca Queremos Galego, porque, como dixo o irmán Daniel, somos galegas e galegos polo idioma, esa lingua en que o pobo lle pediu a Rosalía que cantase. Que maior homenaxe, que mellor agasallo para a nosa poeta no seu aniversario que volver sermos pobo que atravesa as rúas da súa cidade para berrar aos que tan altos están que non oen, as palabras que escribiu Manuel María: que “recibimos a lingua en usufruto e temos a obriga de conservala e melloralala” se queremos seguir chamándonos galegas e galegos”.